

06Relación Universidade-Empresa


Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)

N.º de integrantes dos grupos de investigación ¹	77
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	16
N.º de técnicos especialistas	6
N.º de contratos e convenios con empresas	21
N.º de proxectos activos durante o ano	16
Financiamento total (euros)²	1.377.038,49 €


1(Composición segundo o Catálogo de Investigación da UDC a data 09/03/2012)

2(Cantidade onde se suman os importes totais dos proxectos de investigación e dos convenios con empresas)


Cadro 113 Actividade do CITEEC en 2011




Cadro 114 Proxectos de investigación con soporte no CITEEC



Cadro 115 Convenios con empresas con soporte no CITTEC



Cadro 116 Relación entre proxectos de investigación e convenios con empresas no CITTEC



Cadro 117 Evolución do número de proxectos e convenios no CITEEC

Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

Considerando todos os parámetros relevantes, pode concluírse que o Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) mantivo durante 2011 un nivel de actividade similar a anos anteriores. Este estancamento podería ser un mal indicativo de non ser porque a situación

económica actual e a diminución dos fondos dedicados á investigación fan ver que cunhas condicións externas moi malas, os grupos de investigación adscritos ao CIT conseguen manter a súa produción e a súa actividade.

N.º de integrantes dos grupos de investigación	92
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	47
N.º de técnicos especialistas	5
N.º de contratos de asistencia técnica realizados con empresas ou organismos públicos	45
N.º de empresas coas que se traballou	42
N.º de proxectos activos durante o ano	31
N.º de artigos publicados en revistas recollidas no SCI	32
Orzamento total	1.579.710 €


Cadro 118 Principais cifras do CIT en 2011




Cadro 119 Evolución do orzamento total do CIT

Desde a súa creación no ano 2006, o movemento da Sociedade Xestora do CIT circunscribíase a unha serie de ensaios e asistencia técnica que se realizaron para distintas empresas e un par de proxectos da convocatoria sectorial da Consellería de Industria na rama de

centros tecnolóxicos. O ano 2011 foi o primeiro ano en que se fixeron convenios para realizar proxectos con empresas o que supuxo un incremento do 150% na facturación anual.




Cadro 120 Evolución do orzamento xestionado polo CIT como centro tecnolóxico



Cadro 121 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT



Cadro 122 Evolución do número de contratos de asistencia técnica no CIT



Cadro 123 Evolución do número de empresas para as que traballou o CIT

O 18 de xaneiro de 2011 o CIT renovou o seu certificado de calidade conforme a norma UNE-EN-ISO 9001:2008 cunha modificación do alcance desta, quedando fixado do seguinte modo: “Realización de proxectos de investigación no ámbito dos plásticos. Realización de análises e ensaios sobre combustibles. Realización de proxectos de investigación na área da química. Realización de análises e ensaios químicos” para tres dos laboratorios do CIT (Laboratorio de

Plásticos, Laboratorio de Química e Laboratorio de Combustibles). Pola súa parte o Laboratorio de Combustibles conseguiu ampliar o espectro de ensaios incluídos no alcance da súa acreditación baixo a norma UNE-EN ISO 17025, incluíndo nel catro novos ensaios: densidade mediante areómetro e cálculo do índice de cetano pola ecuación das catro variables en produtos petrolíferos; e os mesmos ensaios en mesturas de biodiésel.

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (CITIC)

O Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (CITIC) nace como un centro de referencia que persegue **potenciar o avance das Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (TIC)** e **fomentar a transferencia á sociedade** deste coñecemento como vehículo para mellorar as prácticas relacionadas co desenvolvemento e aplicación do software, así como a innovación en produtos e servizos para a Sociedade da Información.

Arredor do 90% dos ingresos do CITIC en 2011 (377.963,93 €) proceden de contratos con empresas e institucións. O 10% restante corresponden a axudas públicas competitivas (non se inclúen axudas de infraestruturas, nin proxectos que os grupos de investigación do CITIC xestionan directamente coa Universidade).

Ao longo do ano o CITIC consolidou a estrutura interna creada en exercicios anteriores, en particular a Oficina de Proxectos e Aseguramento da Calidade

(QAPO), a Unidade de Promoción Tecnolóxica e a Oficina de Xestión Económica e Administrativa.

Superados os procesos de certificación polas normas ISO 9001:2008 e UNE 166002:2006, estendeuse o alcance desta última certificación ás seguintes áreas tecnolóxicas:

- Procesado de imaxes dixitais
- Procura e recuperación da información para a empresa e a administración
- Intelixencia artificial e aplicacións (sistemas de axuda á toma de decisións)
- Métodos de usabilidade e validación de sistemas, sistemas de comunicacóns sen fíos
- Integración de aplicacións e información empresarial
- Media en rede e fogar dixital
- Sistemas distribuídos e arquitecturas orientadas a servizos
- Sistemas de información na web e sistemas de información xeográfica.


N.º de integrantes dos grupos de investigación ¹	132
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos ²	18
N.º de técnicos especialistas	3
N.º de contratos novos con empresas ³	20
N.º de proxectos con financiamento público	0
N.º de proxectos activos durante o ano ³	31
Financiamento captado en 2011³	413.963,93 €

1 Datos actualizados a 31/12/2011 tras a incorporación de 3 novos grupos ao centro

2 Número medio de contratos xestionados directamente pola Sociedade Xestora do CITIC.

3 Só se inclúen os datos dos convenios e proxectos xestionados pola Sociedad Xestora do CITIC, e non se inclúen os proxectos e convenios xestionados directamente polos grupos de investigación na UDC.


Cadro 124 Actividade do CITIC en 2011



Cadro 125 Procedencia público/privada dos ingresos dos CITIC en 2011

Procedencia	2008	2009	2010	2011
Proxectos públicos	174.225,00 €	175.978,35 €	225.744,92 €	36.000,00 €
Agrupación Estratéxica	125.000,00 €	250.000,00 €	250.000,00 €	0,00 €
Administracións públicas	10.301,52 €	0,00 €	175.345,38 €	0,00 €
Contratos privados	471.252,01 €	356.099,96 €	526.035,22 €	377.963,93 €
Total	780.778,53 €	782.078,31 €	1.177.125,52 €	413.963,93 €

Cadro 126 Evolución da procedencia do financiamento do CITIC



Cadro 127 Evolución dos proxectos e persoal contratado con cargo a proxectos do CITIC

Transferencia de resultados da investigación

Patentes

Ao longo do ano a OTRI xestionou a tramitación de 8 solicitudes de novas patentes nacionais, 4 patentes en Estados Unidos, 1 extensión internacional PCT, 1 modelo de utilidade e 18 rexistros de software. Ademais unha patente PCT do ano anterior entrou en trámite de solicitudes en fases nacionais de USA, China,

India, Brasil e patente europea. Así mesmo, a Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) comunicou a concesión de 13 novas patentes á UDC.

Ademais, a OTRI xestionou 5 acordos de licenza con empresas para a explotación de patentes e rexistros de sóftware da UDC.

Título	Autores
Sistema de xeración de canais sintéticos de televisión dixital	Víctor M. Gulías Fernández, F. Javier Taibo Pena, Miguel Barreiro Paz e Pablo Montero Manso
Dispositivo para ensaio de corrosión e fatiga	Mar Toledano Prado, Juan J. Galán Díaz, Ana Conde del Campo (CSIC) e M. ^a Ángeles Arena Vara (CSIC)
Sistema de realidade virtual para avaliación e tratamento dos trastornos motores asociados ás enfermidades neurodexenerativas e á idade	F. Javier Cudeiro, Pablo Arias, Juan Casto Rivadulla, Julián Flores González (USC) e Manuel Cotos Yáñez (USC)
Ciclo Rankine orgánico rexenerativo de condensación cuasi-crítica	Ramón Ferreiro García
Depósito a presión mediante superposición de recintos presurizado	Ramón Ferreiro García e Alberto de Miguel Catoira
Modificacións do ciclo Rankine para incrementar eficiencia	Ramón Ferreiro García e Alberto de Miguel Catoira
Dispositivo e sistema escalable para a sobreimpresión de fluxos de vídeo	Víctor M. Gulías Fernández, F. Javier Taibo Pena, Miguel Barreiro Paz e Pablo Montero Manso
Procedemento de obtención dun material polimérico	José M. López Vilariño, Luis Barral Losada, M. ^a Victoria González Rodríguez, M. ^a José Abad López, Ana Isabel Ares Pernas; M. ^a del Mar Castro López e M. ^a Sonia Dopico García
Escuadro truncado para o trazado e a medición en dibuxo técnico	F. Alberto Varela García

Cadro 128 **Patentes nacionais e modelos de utilidade tramitados en 2011**

Título	Autores
Method, Apparatus, and System for retinal image analysis	Manuel F. González Penedo, Noelia Barreiro Rodríguez, Marcos Ortega Hortas, F. Javier Gómez-Ulla de Irazazábal (SERGAS), Antonio Pose Reino (SERGAS) e M.ª José Carreira Nouche (USC)
Efficient Java Messaging Middleware on clusters of multi-core processors	Guillermo López Taboada, Juan Touriño Domínguez e Ramón Doallo Biempica
Molecular Blockmatching method for gel image analysis	Alejandro Pazos Sierra, Julián Dorado, Javier Pereira, Juan R. Rabuñal, José Antonio Seoane Fernández, Ana M.ª Freire, Enrique Fernández Blanco; Álvaro Rodríguez Tajés, Carlos Fernández Lozano, Ana B. Porto Pazos, Cristian Robert, Francisco J. Blanco García (SERGAS) e Cristina Ruíz (CHUAC)
Recommendation method and system	Fidel Cacheda Seijo, Víctor M. Carneiro Díaz, Breixo Formoso López e Diego Fernández Iglesias
Módulo de comunicación sen fíos para dispositivos musicais electrónicos	Carlos J. Escudero Cascón, Tiago M. Fernández Caramés e Santiago J. Barro Torres
Strains of <i>S. Cerevisiae</i> , capable of growing in media with melibiose, stachyose and raffinose	Manuel Becerra Fernández, Esperanza Cerdán Villanueva, Rafael Fernández Leiro, Isabel González Siso e Ángel Pereira Rodríguez

Cadro 129 **Patentes internacionais tramitadas en 2011**



Cadro 130 **Evolución de patentes solicitadas/concedidas**


Título	Autores
Dispositivo para a simulación do comportamento termo-hidro-mecánico de barreiras de materiais finos, para a impermeabilización e selado de vertedoiros	Jorge Delgado Martín, Ricardo A. Juncosa Rivera, Ana M ^a Vázquez González, Víctor Barrientos Rodríguez e Ismael Falcón Suárez
Acoplamento magnético flexible con amortecedor electrodinámico de vibracións torsionais	Ramón Ferreiro García
Sensor de velocidade angular e vibración torsionais baseado en imáns permanentes	Ramón Ferreiro García, F. Javier Pérez Castelo e Andrés J. Piñón Pazos
Procedemento de obtención das condicións de temperatura e humidade relativa de ambientes interiores para a optimización do confort térmico e o aforro enerxético na climatización	José Antonio Orosa García e Álvaro Baaliña Ínsua
Método e sistema de visión artificial para medida dos movementos de corpos flotantes nun líquido e da superficie deste.	Juan R. Rabuñal Dopico, Daniel Rivero Cebrián, Julián Dorado de la Calle, J. Gregorio Iglesias Rodríguez, Alejandro Pazos Sierra, Javier Pereira Loureiro, Ana Belén Porto Pazos, M. ^a Nieves Pedreira Souto, Óscar Ibáñez Panizo e Alberte Castro
Esterasa termófila de <i>Thermus Thermophilus</i>	Isabel González Siso, Esperanza Cerdán Villanueva, Olalla López López; M. ^a Luisa Rúa Rodríguez (Uvigo), Lorenzo Pastrana Castro (Uvigo) e Juan Pablo Fuciños González (Uvigo)
Captador de enerxía solar térmica e fotovoltaica concentrada	Ramón Ferreiro García
Composto para a extracción selectiva dos ións lantánidos	Andrés M. De Blas Varela, M ^a Teresa Rodríguez Blas, Carlos Platas Iglesias, David Esteban Gómez, Marta Mato Iglesias e Adrián Roca Sabio
Método para diagnosticar ou determinar a predisposición xenética a desenvolver miocardiopatía hipertrófica.-A	Manuel Hermida Prieto, Alfonso Castro Beiras, Javier Muñiz García e Lorenzo Montserrat Iglesias
Método para diagnosticar ou determinar a predisposición xenética a desenvolver miocardiopatía hipertrófica.-B	Manuel Hermida Prieto, Alfonso Castro Beiras, Javier Muñiz García e Lorenzo Montserrat Iglesias
Lipasa Termófila	Isabel González Siso, Esperanza Cerdán Villanueva, Olalla López López, M. ^a Luisa Rúa Rodríguez (IVIGO), Lorenzo Pastrana Castro (Uvigo) e Juan Pablo Fuciños González (Uvigo)
Cepas de <i>C. Cerevisiae</i> capaces de medrar en medios con Melibiosa, Estaquiosa e Rafinosa	Manuel Becerra Fernández, Esperanza Cerdán Villanueva, Isabel González Siso, Rafael Fernández Leiro e Ángel Pereira Rodríguez
Composto para a extracción selectiva de estroncio (II) e chumbo (II)	David Esteban Gómez, Carlos Platas Iglesias, Andrés M. De Blas Varela, M ^a Teresa Rodríguez Blas e Raquel Ferreiros Martínez

Cadro 131 Patentes concedidas en 2011

Título	Autores
Sóftware para a optimización da eficiencia enerxética na edificación residencial	M.ª Sonia Zaragoza Fernández, Evaristo Rodríguez Suárez, José Luis Mier Buenhombre e Fernando Coutado Vila
Codificador MPEG2 CUDA (COCUDA2)	Víctor M. Gulías Fernández, F. Javier Taibo Pena e Pablo Montero Manso
MEFPLAP- Mallado de Elementos Finitos de Lousas Alixeiradas de Pontes	Jacobo M. Diaz García, Santiago Hernández Ibáñez, José M. Reinosa Prado, Arturo N. Fontán Pérez e Luis E. Romero Rodríguez
BALDO - Barras de aluminio de deseño óptimo	Arturo N. Fontán Pérez e Santiago Hernández Ibáñez
SAFO-Seccións de Aceiro de Forma Óptima	Arturo N. Fontán Pérez e Santiago Hernández Ibáñez
VTOP- Vigas de Tendóns Óptimos de Pretensado	Arturo N. Fontán Pérez e Santiago Hernández Ibáñez
BASO- Barras de aceiro de Sección Óptima	Arturo N. Fontán Pérez e Santiago Hernández Ibáñez
DistClustPG: Sistema Distribuído de Programación Xenética con Técnicas coevolutivas	Juan R. Rabuñal Dopico, Alejandro Pazos Sierra, Julián Dorado de la Calle, Fernando Martínez Abella, Javier Pereira Loureiro, Daniel Rivero Cebrián, Cristian Robert Munteanu, Alba Catoira Franco, Juan Luis Pérez Ordóñez, Álvaro Rodríguez Tajés e Javier Berrocal Benito
Librería de AAGG de propósito xeral para a resolución de problemas	Daniel Rivero Cebrián, Marcos Gestal Pose, Javier Pereira Loureiro, Julián Dorado de la Calle, Juan R. Rabuñal Dopico, Alejandro Pazos Sierra, Vanessa Aguiar Pulido, Carlos Fernández Lozano e José Antonio Seoane Fernández
CRACOBA:Chemical Risk Assessment by COntrol BAndering	Javier Andrade Garda, Juan M. Ares Casal, Rafael C. García Vázquez, Purificación López Mahía, Soledad Muniategui Lorenzo, Darío Prada Rodríguez, Santiago Rodríguez Yáñez, Sonia M.ª Suárez Garaboa, Néstor J. Durán Paradela e Carolina Miraz Novás (Sergas)
ARDEC - INTIC. Aplicacion para o rexistro de coñecementos do proxecto In-TIC	Javier Pereira Loureiro, Thais Pousada García, M.ª Betania Groba González, José M. Vázquez Naya, F. Javier Novoa de Manuel, Julián Dorado de la Calle, Juan R. Rabuñal Dopico, Ana Belén Porto Pazos, Virginia Mato Abad, Manuel Cajaraville Martínez, Laura Nieto Riveiro, Marcos Martínez Romero, José Antonio Seoane Fernández e Jorge Pintos Ruiz
Java API for multiprocess video encoding.	Juan Jesús Romero Cardalda, J. Carlos Dafonte Vázquez, Antonino Santos del Riego e Adrián Carballal Mato

Cadro 132 **Rexistros de sóftware tramitados en 2011** (segue)


Título	Autores
DiSer - Exchange - Servidor DICOM para intercambiar datos médicos entre distintos hospitales	Alejandro Pazos Sierra, Javier Pereira Loureiro, Thais Pousada García, M.ª Betania Groba González, José M. Vázquez Naya, F. Javier Novoa de Manuel, Virginia Mato Abad, Jorge Pintos Ruiz, Manuel Cajaraville Martínez, Laura Nieto Riveiro, Marcos Martínez Romero e José Antonio Seoane Fernández
WorkListMg - Aplicacion para la gestion de la modalidad DICOM de listas de trabajo (WorkList) en un entorno real.	Alejandro Pazos Sierra, Javier Pereira Loureiro, Thais Pousada García, M.ª Betania Groba González, José M. Vázquez Naya, F. Javier Novoa de Manuel, Virginia Mato Abad, Jorge Pintos Ruiz, Manuel Cajaraville Martínez, Laura Nieto Riveiro, Marcos Martínez Romero e José Antonio Seoane Fernández
Syntherick Node Manager	Víctor M. Gulías Fernández, F Javier Taibo Pena, Miguel Barreiro Paz; Pablo Montero Manso e Javier Mosquera Blanco
Synthetrick Control System V 1.0	Víctor M. Gulías Fernández, F Javier Taibo Pena, Miguel Barreiro Paz; Pablo Montero Manso e Javier Mosquera Blanco
Portal WEB concurso-reality plataforma.	Juan Jesús Romero Cardalda, J. Carlos Dafonte Vázquez, Antonino Santos del Riego e Adrián Carballal Mato
Synthetrick GPU Manager	Víctor M. Gulías Fernández, F Javier Taibo Pena, Miguel Barreiro Paz e Pablo Montero Manso

Cadro 132 (continuación) **Rexistros de software tramitados en 2011**Cadro 133 **Evolución do software e outros RPI rexistrados**

Apoio a proxectos europeos

A Unidade de apoio a proxectos europeos de I+D realizou as seguintes actividades:

- Asesoramento nas xustificacións periódicas e finais das auditorías externas dos 15 proxectos de investigación en vigor no ano 2011.
- Asesoramento continuado e apoio na presentación de 29 novas solicitudes aos programas Interreg IV, o VII Programa Marco e outros programas europeos de I+D. Destas solicitudes concedeuse financiamento para 3 proxectos e están pendentes de avaliación outras 10 solicitudes.
- Organización de xornadas de formación dirixidas a toda a comunidade universitaria sobre os programas europeos de axudas á I+D.
- Participación no programa Erasmus – Lifelong Learning Program coa acollida de tres técnicos en proxectos europeos da Universidade de Masaryk (Facultade de Económicas).
- Distribución focalizada de información aos grupos de investigación sobre convocatorias abertas, cursos, xornadas e seminarios e xestión de consultas sobre temas de I+D europea e posibilidades de participación en programas diversos.
- Redacción de boletíns informativos sobre a investigación e a innovación na UE.



Cadro 134 **Evolución do número de proxectos europeos**

Valorización e transferencia de tecnoloxía

- Mantivéronse contactos e colaboracións con empresas e con organizacións relacionadas coa transferencia de tecnoloxía.
- Ademais, os técnicos da OTRI traballaron con 30 tecnoloxías desenvolvidas por 22 grupos de investigación da UDC, co fin de valorizalas e tratar de conseguir a súa transferencia ao contorno socioeconómico. Como resultado acadáronse 5 acordos de licenza de tecnoloxías a empresas, a creación dunha empresa de base tecnolóxica participada pola UDC, o estudo da viabilidade doutras 5 iniciativas empresariais que están en marcha, 2 proxectos financiados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza e diversas colaboracións en proxectos con empresas.
- Organizáronse varias xornadas e cursos de formación sobre a innovación.
- A OTRI participou en sete conferencias para falar sobre axudas á innovación, oferta tecnolóxica da UDC e servizos que ofrece a OTRI relacionados coa innovación e as empresas de base tecnolóxica.

Proxectos desenvolvidos na OTRI

Este ano a OTRI participou nos seguintes proxectos:

- *Programa INNCADE de Apoio ás OTRIS*. A través desta convocatoria concedeuse en 2010 o proxecto Plan Estratéxico de Transferencia da UDC, para o impulso de diferentes áreas da OTRI, con vixencia ata o 31 de marzo de 2014.
- *Proxecto Incuba.t.net*. A OTRI participou, xunto con outras entidades galegas, neste programa, financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con obxecto de crear unha rede galega de incubadoras de base tecnolóxica.

Viveiro de empresas de base tecnolóxica

Púxose en marcha o novo regulamento para a creación de empresas da UDC, e aprobouse a creación da empresa *Syntheractive*, recoñecida como empresa de base tecnolóxica participada pola Universidade da Coruña. Está en estudo a viabilidade e posta en marcha doutras cinco iniciativas de base tecnolóxica tamén participadas pola universidade.

En decembro concedéuselle o recoñecemento de empresas asociadas á UDC ás seguintes: Avansig, S.L.L.; Galebook, S.L.; Goovent Technologies, S.L.N.E.; Teimas Desenvolvemento, S.L.; e Trileuco Solutions, S.L.

A OTRI participou no programa Empresa-concepto, desenvolvido polas tres universidades galegas e o CSIC para o apoio e fomento das *spin-off* académicas. Participou, igualmente, no Comité de Iniciativas de Emprego de base tecnolóxica (lebt) da Xunta de Galicia, programa encamiñado a fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica.

No mes de xullo publicouse unha convocatoria para cubrir dous espazos no viveiro de empresas de base tecnolóxica e accederon ao viveiro as iniciativas *Allgenetics* e *Hidrosoft*.

A composición do Viveiro de Empresas da Universidade a 31 de decembro de 2011 era a seguinte:

- Viveiro n.º 1: **Allgenetics** (www.allgenetics.eu)

AllGenetics & Biology, SL apoia os investigadores europeos, empresas e institucións, ofrecendo unha variedade de servizos e recursos xenéticos, adaptándose ás diferentes necesidades específicas e ofrecendo solucións que melloren os proxectos de investigación.

- Viveiro n.º 2: **Hidrosoft**

Iniciativa dedicada ao desenvolvemento de ferramentas informáticas e software relacionadas coa xestión de recursos hídricos, hidroxeoloxía e medio natural; formación profesional para a utilización destas ferramentas informáticas; asesoría técnica especializada e redacción de proxectos construtivos nas áreas de enxeñaría do terreo, recursos hídricos e medio; desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías de Sistemas de Información xeográfica para estudos hidrolóxicos.

- Viveiro n.º 3: **Avansig** (www.avansig.com)

Avansig é unha empresa especializada na enxeñería do software que nace co obxectivo de ofrecer á administración e empresas servizos de consultaría tecnolóxica e desenvolvemento de software a medida baseados en tecnoloxías

SIX (Sistemas de Información Xeográfica) e FOSS (Free and Open Source Software). O principal obxectivo da empresa é desenvolver e propoñer aos clientes solucións avanzadas en tecnoloxías da información e as comunicacións, co fin de mellorar os seus procesos de negocio e aportar carácter diferenciador aos seus produtos.

• Viveiro n.º 4: **Sedaqua**

Iniciativa dedicada á creación dun sistema de depuración combinado de dixestor anaerobio máis humidal. Este sistema é unha tecnoloxía de depuración alternativa e sostible que se está a consolidar na última década fronte a sistemas convencionais.

• Viveiro n.º 5: **Goovent Technologies** (www.goovent.com)

Goovent é un servizo web de procura e xestión de eventos. Ten como obxectivos crear un espazo común para que os usuarios poidan localizar, da forma máis rápida e sinxela posible, que eventos suceden no seu contorno, desde concertos musicais, ata exposicións, obras de teatro, acontecementos deportivos, e moito máis. E doutra banda ofrecer a

organizadores e patrocinadores un lugar clave en que poderán dar a máxima difusión aos seus eventos.

• Viveiro n.º 6: **Trileuco Solutions**
(www.trileucosolutions.com)


Trileuco Solutions é unha iniciativa empresarial galega que proporciona servizos integrais de consultaría e solucións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. O seu labor abrangue todos os ámbitos da enxeñaría informática, pero a traxectoria profesional dos promotores fai que a optimización de procesos de negocio sexa un ámbito de especial interese para Trileuco.

• Viveiro n.º 7: **Galebook** (www.galebook.net)


Galebook nace co obxectivo de chegar a ser a plataforma de referencia de distribución do libro dixital en galego. A liña de traballo vai dirixida á promoción da lingua e cultura galegas a través das TIC e da lectura. Para acadar este fin, céntrase na creación e comercialización de contidos en galego pertencentes a ámbitos tan diversos como o educativo, literario, científico ou xurídico en formato electrónico, tarefa de vital importancia na actual sociedade da información.

Observatorio Ocupacional


- O Ministerio de Educación aprobou en decembro de 2011 o proxecto “*Sistema universitario de empleabilidad – SUE global*” cos nove observatorios ocupacionais das universidades españolas, entre eles o da UDC.
- A Comisión Europea aprobou en decembro un proxecto sobre *Innovación e Marketing*, integrado por una rede de institucións de investigación europeas, entre as que se atopa, en categoría de *partner*, o Observatorio Ocupacional da Universidade da Coruña.
- Presentouse en febreiro, no marco do convenio de colaboración asinado co Concello da Coruña, o informe “*Impacto no emprego do Porto Exterior da Coruña*”. Para realizar este traballo entrevistáronse preto de 500 empresas relacionadas co ámbito portuario. Posteriormente, o Servizo de Promoción Económica e Emprego del Concello da Coruña utilizou os resultados como ferramenta concreta de inserción laboral no sector de actividades relacionadas coa actividade portuaria.
- No marco do convenio de colaboración asinado co Colexio de Economistas da Coruña, publicáronse catro barómetros trimestrais sobre a opinión dos colexiados desta institución.
- En xuño presentouse na Fundación Caixa Galicia o “*Informe sobre inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009*”. Esta publicación, de frecuencia anual, analiza a situación laboral e formativa dos graduados da UDC que finalizaron a carreira hai dous anos.



Cadro 135 Informe de inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009. Grao de satisfacción cos estudos realizados. Series anuais e comparación ca media nacional (Informe REFLEX*, ANECA). Distribución porcentual




Cadro 136 Informe de inserción laboral dos graduados da UDC 2008/2009. Taxa de actividade dos graduados da UDC e dos universitarios españois



– Presentouse en Ferrol o “*Estudo sobre competencias específicas nas ensinanzas tecnolóxicas da UDC*”. Este informe foi encargado polo Consello Social e a súa edición patrocinada pola empresa MEGASA. Nesta análise, pioneira en España e que complementa os estudos anteriores feitos nese ámbito, preséntanse os resultados obtidos respec-

to á medición que o Observatorio Ocupacional fixo sobre as competencias específicas adquiridas polos graduados durante os seus estudos, as competencias específicas aplicadas logo no posto de traballo, e as competencias requiridas polos preto de 300 empresarios entrevistados para este traballo.




Cadro 138 **Estudo sobre competencias específicas nas ensinanzas tecnolóxicas da UDC. Taxas de ocupación por titulacións segundo ano de finalización de estudos**


Portal Empleo UDC

– Aumentan tanto o número de alumnos inscritos, coma o número de empresas que fa n uso do portal. No tocante á utilización do portal para acordar ofer-

tas e prácticas de emprego, apréciase unha maior tendencia a utilizalo xunto con modalidades convencionais de contratación



Cadro 139 Evolución do número de estudantes inscritos no Portal de Empleo



Cadro 140 Evolución da actividade do Portal de Empleo

– O Observatorio Ocupacional segue a dar servizo de aloxamento e soporte técnico ás páxinas web do

SAEE, ás bolsas Leonardo, da Feira de Empleo, á propia páxina do Observatorio Ocupacional.

Emprendemento e emprego

O Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos Universitarios (SAEE) ten dúas Áreas concretas de actuación, (Orientación Laboral e Autoemprego), ambas cunha representación nos dous campus universitarios da Coruña e Ferrol.

O obxectivo principal do servizo é a inserción laboral dos/as titulados/as da UDC por conta propia (autoemprego) ou por conta allea. As súas funcións desenvólvense arredor de varios eixos fundamentais: información, formación, asesoramento, planificación e organización de actividades e xestión da bolsa de traballo da UDC.

Ao longo de 2011, asináronse 35 convenios de cooperación educativa para estudantes de diversas titulacións. As máis demandadas foron: Administración e Dirección de Empresas, Enxeñaría Técnica Informática e Relacións Laborais.

Dentro das accións de carácter divulgativo, o SAEE colaborou ou participou en distintas xornadas sobre saídas profesionais, na IV xuntanza Tecnolóxica Empresa-Universidade, na xestión de prácticas do Proxecto Leonardo, seminarios de orientación laboral, Feira Europea de Emprego, Premio ao Espírito Emprendedor, entre outros.

Entre outras moitas actuacións, este servizo participou no proceso de selección de persoal con empresas que o solicitaron (Deloitte, Everis, Generali, Ministerio de Defensa, Siemens).

Unha subvención do Ministerio de Traballo e Inmigración permitiu organizar seminarios en distintas datas e centros sobre a creación de empresas de economía social. En total, asistiron 136 persoas.

Entre as iniciativas con maior aceptación cómpre salientar as xornadas de orientación profesional para estudantes universitarios *“Coñécete-Véndete”*, organizadas en tres convocatorias distintas en colaboración coa Escola de Negocios Novacaixagalicia, así como o curso en liña *“Móvete por Europa”*, sobre as oportunidades de mobilidade na UE, en colaboración con Europe Direct da Deputación da Coruña.

O SAEE participa nas seguintes redes:

- **Runae** (Rede Universitaria de Asuntos Estudiantís)
 - Grupo de Traballo “Emprego”:
 - Orientación laboral e competencias profesionais
 - Autoemprego
 - Prácticas en empresas
 - Mobilidade
- **Rede Coruña Emprega**
- **Rede Ferrol Innova**
- **Rede Eusumo**




Cadro 141 Evolución do número de convenios de colaboración educativa

Titulación	N.º prazas 2010	N.º prazas 2011
Administración e Dir. Empresas	11	10
Arquitectura Técnica	1	3
Dobre titulación Dereito+ADE	1	0
Diplomatura de Empresariais	1	2
Dereito	2	1
Relacións Laborais	8	4
Informática	6	7
Socioloxía	1	0
Enxeñaría Técnica Informática	5	2
Economía	6	2
CC.Educación	0	1
E.T. Industrial	0	1
CC Químicas	0	1
Turismo	0	1
Total	42	35


Cadro 142 Evolución dos convenios de cooperación educativa por titulacións

Tipo de acción realizada	N.º de usuarios atendidos
N.º de ofertas emprego recibidas	87
N.º de convenios de colaboración asinados	35
N.º de usuarios da Axenda SGC	1.851
N.º de currículos enviados a Ofertas de emprego	456
N.º titulados universitarios atendidos	2.646
N.º estudantes universitarios atendidos	1.093
N.º usuarios non universitarios atendidos	1.662
Total de usuarios atendidos en orientacións, información e consultas	5.401

Cadro 143 Acci3ns realizadas pola 3rea de Orientaci3n Laboral en 2011




Cadro 144 Evoluci3n do n3mero de usuarios do Servizo de Orientaci3n Laboral




Cadro 145 Currículos enviados a ofertas recibidas


– Período 2010: abril 2010 a 31 xaneiro 2011
– Período 2011: maio 2011 a 31 xaneiro 2012



Cadro 146 Forma xurídica das empresas creadas



Cadro 147 Evolución do número de empresas creadas



Cadro 148 Evolución do número de proxectos do programa IEBT S